



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/07/2010 11:59:44.470  
Nº Rexistro: 40709  
Data envío: 07/07/2010 11:59:44.470

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez, Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á situación ambiental da ría do Burgo e ás razóns que levan á Consellaría do Mar a modificar a clasificación dunha das súas áreas a Zona B a efectos de produción marisqueira.

Hai xa anos que o sector marisqueiro da Coruña, mais tamén o BNG, están a reivindicar a adopción de medidas que permitan unha mellora real da calidade das augas da ría do Burgo e, daquela, a posta en marcha de procesos de saneamento e depuración que eliminen de vez o intolerábel número de verteduras que padece este espazo marítimo e marítimo-terrestre.

Na ría da Coruña desenvolve a súa labor extractiva un colectivo de 92 mariscadoras/es a pé e outros 44 a frote. É esta unha actividade que xera riqueza e postos de traballo. E moitos máis podería crear de se daren as condicións idóneas, do punto de vista ambiental, para esta actividade produtiva.

Poren, os anos van pasando, e o problema sen resolver. Desde a existencia, en 1991, dunha Directiva Comunitaria que obriga a efectuar melloras definitivas neste ámbito até hoxe, case 20 anos despois, a situación non só non mellorou, senón que nalgúns casos mesmo empeorou. A consecuencia práctica deste proceso está á vista: toda a ría da Coruña, agás unha pequena área situada entre o Parrote e a dársena de



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/07/2010 11:59:44  
Nº Rexistro: 40709  
Data envío: 07/07/2010 11:59:44


Oza, está clasificada como Zona C a efectos de produción marisqueira, isto é, non é posíbel a comercialización do marisco nin cun proceso previo de depuración.

Non é comprensíbel, por ese motivo, a razón que leva á Consellaría do Mar a pretender reclasificar unha desas áreas (As Xubias, GAL-05/05), actualmente Zona C, a Zona B, sen que se producise ningunha actuación de saneamento, depuración ou eliminación de verteduras neste espazo. Realmente sorprendente. Máis aínda tendo en conta que esta suposta Zona B se localiza no medio de dous espazos catalogados como Zona C, que compartillan unha situación similar.

É a Confraría da Coruña e o colectivo de mariscadoras e mariscadores afectados quen, de xeito absolutamente responsábel, están a reivindicar a paralización da clasificación a Zona B mentres non se dean as condicións requiridas.

Semella que, neste contexto, o obxectivo real da Consellaría do Mar non é a mellora ambiental da zona e a erradicación das verteduras terra-mar, senón exclusivamente “aforrar” os cartos actualmente destinados a compensar economicamente ás mariscadoras e mariscadores afectados por esta situación, a través do correspondente convenio. Esta actuación é irresponsábel. O Goberno galego debe actuar, e de xeito inmediato, na recuperación marisqueira da ría e na súa mellora ambiental. Nunca ocultando a realidade, como pretexto torpe para xustificar a súa incompetente inoperatividade.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/07/2010 11:59:44.470  
Nº Rexistro: 40709  
Data envío: 07/07/2010 11:59:44.470

1.<sup>a</sup>) Que datos concretos posúe a Consellaría do Mar sobre os resultados das análíticas realizadas na ría da Coruña (GAL-05/03, GAL-05/04, GAL-05/05 e GAL-05/06), no tocante á clasificación das zonas de produción de moluscos infaunais, desde outubro de 2009 até hoxe?

2.<sup>a</sup>) Que motivos levan á Consellaría do Mar a pretender a clasificación como Zona B da área das Xubias, na ría do Burgo?

3.<sup>a</sup>) Cales son os compromisos concretos, do punto de vista orzamentario e de calendario (prazos temporais concretos) que asume a Consellaría do Mar para resolver de xeito definitivo o problema ambiental que padece a ría do Burgo?

4.<sup>a</sup>) Ten previsto reconsiderar a pretensión de reclasificar como Zona B a área das Xubias?

5.<sup>a</sup>) Que obras de saneamento, depuración e erradicación de verteduras se fixeron neste lugar desde maio de 2009 até hoxe?

6.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de dragaxe da ría do Burgo?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano

Ana Luisa Bouza Santiago



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/07/2010 11:59:44.470  
Nº Rexistro: 40709  
Data envío: 07/07/2010 11:59:44.470

Deputados e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 07/07/2010 11:57:21**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 07/07/2010 11:57:25**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 07/07/2010 11:57:29**